

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO***ANUNCIO de contratación (expediente 965-440).*

1. Entidade adxudicadora: a) Organismo: Concello de Vigo; b) Dependencia que tramita o expediente: Área de Fomento. c) Obtención de documentación e información: Servizo de Contratación do Concello de Vigo, pza. do Rei s/n 36202 Vigo, teléfono (986) 81 01 48, fax: (986) 22 62 06. Correo electrónico: contratacion@vigo.org Enderezo da internet do perfil do contratante: www.vigo.org. Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións; d) Número de expediente: 965-440.

2. Obxecto do contrato: a) Tipo: obras; b) Descrición: contratación das obras de urbanización da rúa Severino Cobas-Parroquia Lavadores. Fase III: baixada ao Capitán ata o número 186; c) División por lotes e número de lotes/Número de unidades: non; d) Lugar de execución: Concello de Vigo; e) Prazo de execución: tres (3) meses.

3. Tramitación e procedemento: a) Tramitación: urxente; b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación: importe total 1.465.658,77 euros.

5. Garantías exixidas. Provisional: non se exige. Definitiva: 5% do importe do contrato excluído o IVE.

6. Requisitos específicos do contratista: a) Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría d), grupo E, subgrupo 1, categoría c; b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: a exixida na cláusula 6) das follas de especificacións do contrato (FEC).

7. Presentación de ofertas: a) Data límite de presentación: o prazo rematará aos 13 días seguintes ao de publicación deste anuncio no BOP e no DOG; b) Lugar de presentación: rexistro xeral do Concello de Vigo, pza. do Rei s/n 36202 Vigo ou a través da plataforma electrónica de contratación pública Vortalgov (www.vortalgov.es); c) Admisión de melloras: si; d) Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

8. Apertura de ofertas: a) Enderezo: Casa do Concello de Vigo, pza. do Rei s/n 36202 Vigo;
b) Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do concello de Vigo (www.vigo.org).

9. Gastos de publicidade: pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.000 euros.

Vigo, 25 de agosto de 2011.

Raquel Díaz Vázquez
Concelleira delegada de Contratación